

ARASAC EN CIFRAS

As últimas novas do Proxecto de Investigación ARASAC



NESTE NÚMERO

**A DIFUSIÓN
INTERNACIONAL DO
PROXECTO**

**A RECOLLIDA DE DATOS
NO CURSO 2022-2023**

**ACTIVIDADES FORMATIVAS
PARA ALUMNADO E
PROFESORADO**

**PRÓXIMOS PASOS NO
PROXECTO ARASAC**

Proxecto PID2021-126981OB-I00
financiado por:



Moitas grazas pola vosa participación!

Co inicio do novo curso escolar, comprácenos informarnos de que o equipo de investigación do proxecto “Factores asociados ao axuste académico en adolescentes: o papel do apoio social percibido e a autorregulación da aprendizaxe” (ARASAC) vén de **compartir os resultados da súa primeira fase no eido internacional**. Asistimos a congresos nos que puidemos intercambiar impresións con colegas doutros países e dar a coñecer algúns achados preliminares. Plasmáronse tamén en informes, os supostos de base e constatacións que se están a producir no proxecto. Confiamos en poder contribuir á construción dun corpo de coñecemento que apoie o logro dunha educación inclusiva e de calidade.

Durante o curso académico 2022/2023, grazas á colaboración do alumnado, familias e profesorado de diversos centros, puidemos executar e finalizar con éxito a primeira fase do proxecto. Gustaríanos **agradecer de novo a vosa colaboración e agardamos seguir contando con ela**.



Novas do curso 2022/2023

Participación en Congresos Internacionais

O verán é tempo de viaxes e escapadas, e nós tamén aproveitamos a ocasión para ir a dar unha volta!

Distintos membros do noso equipo presentaron aportacións derivadas do proxecto, en tres congresos de ámbito internacional, entre os meses de xullo e setembro.



Temas: percepción do apoio social en adolescentes galegos, estratexias de autorregulación motivacional, entre outros.



Recollida de datos do curso 2022/2023

Contamos coa participación de 1.432 alumnos e alumnas de Educación Secundaria Obrigatoria.

O alumnado presenta niveis diversos de axuste académico. Así, por exemplo, ante a afirmación “Gústame o traballo que realizo no instituto”, mostran as seguintes posturas.



Actividades formativas desenvoltas

- Curso para o profesorado: A autorregulación emocional no ámbito académico.
- Taller dirixido ao alumnado: Coñeces as túas emocións?

Os seguintes pasos no proxecto ARASAC

